

ORDENANZA 3.24
TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA E O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO
DOMINIO PÚBLICO MUNICIPAL

Artigo 1. Fundamento e natureza

De conformidade co disposto nos artigos 4 e 106 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local*, e nos artigos 15 a 19 e 57 do *texto refundido da lei reguladora das facendas locais (TRFL)* aprobado polo *Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo*, este Concello establece a taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público municipal, que se rexerá polo disposto nos artigos 20 a 27 do *TRFL*, na normativa tributaria municipal e na demais normativa municipal reguladora da ocupación do dominio público municipal

Artigo 2. Feito imponible

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público local polas ocupacións do solo, subsolo e voo que se relacionan a continuación:

- a.- para apertura de exploracións, calas ou gabias en terreos de uso público ou calquera remoción do pavimento ou beirarrúas na vía pública
- b.- con valos, puntais, asnillas, estadas, plataformas aéreas, camiións - grúa e outros materiais, vehículos ou instalacións análogas, apoiadas no chan ou aéreas
- c.- con colectores ou sacos para recollida ou depósito de entullos, materiais de construción ou residuos
- d.- para carga e descarga en zonas non reservadas a tal efecto
- e.- para paso de vehículos a través de beirarrúas ou calzadas
- f.- para reserva da vía pública para aparcamento exclusivo
- g.- con mesas, cadeiras, tribunas, quioscos de hostalería e outros elementos análogos con finalidade lucrativa
- h.- instalación no dominio público local de postos, barracas, casetas de venda, quioscos, espectáculos, atraccións feirais e de recreo, industrias de rúa e ambulantes
- i.- para usos particulares con aparatos de venda automática, caixeiros automáticos, buzóns postais, cabinas telefónicas, surtidores de gasolina, instalacións de recarga eléctrica e outras análogas

j.- con carteis publicitarios e calquera instalación ou medio de expresión publicitaria ou destinado a tal fin

k.- calquera outro aproveitamento especial do dominio público local non recollido en epígrafe concreto

Artigo 3. Supostos de non suxeición

Con independencia da obriga ou non da tramitación da licenza ou autorización correspondente, non están suxeitos a esta taxa as utilizacións privativas e os aproveitamentos especiais do dominio público local que se detallan de seguido:

1.- as ocupacións do dominio público local que, en aplicación do principio de especialidade, están suxeitas a outras taxas pola ocupación do dominio público municipal.

2.- a ocupación da vía pública pola rodaxe de películas, vídeos, gravacións televisivas, realización de maquetas e impresión de fotografías sempre que: non teñan finalidade lucrativa; se paguen os servizos municipais que, con tal motivo, sexan requiridos; se garantan e, no seu caso, se paguen os gastos orixinados polo deterioro e desperfectos que se puidesen causar; e previo acordo da Xunta de Goberno Local.

3.- as zonas de prohibición de estacionamento diante das saídas de emerxencia de locais, sempre que estean autorizadas

4.- a ocupación da vía pública para actividades publicitarias realizadas por entidades sen ánimo de lucro, partidos políticos e outras entidades veciñais e asociativas para informar, difundir e facer promoción dos seus actos propios de carácter social, político, cultural, de participación cidadá, de fomento de valores cívicos e condutas humanitarias, de concienciación e sensibilización social e similares, previo acordo da Xunta de Goberno Local

5.- as ocupacións realizadas polos titulares das reservas da vía pública para aparcamento exclusivo para persoas con discapacidade física.

6.- as hortas en espazos de uso público municipais

7.- as ocupacións do dominio público local vinculadas a instalacións municipais nas que o beneficiario directo da ocupación é o Concello de Santiago de Compostela.

Artigo 4. Obrigados tributarios

1.- Son suxeitos pasivos da taxa en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades a que se refire o artigo 35.4 da *Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (LXT)*, que gocen, utilicen ou aproveiten especial ou de xeito privativo o dominio público municipal en beneficio particular.

2.- Na taxa establecida pola utilización privativa ou aproveitamento especial pola entrada de vehículos a través das beirarrúas, teñen a condición de substitutos do contribuínte os propietarios das fincas e locais a que dan acceso ditas entradas, que poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios

Artigo 5. Período impositivo e devengo

1.- Con carácter xeral, o período impositivo da taxa coincide co tempo de utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal, agás as excepcións contidas nos apartados seguintes.

2.- Nos supostos de ocupacións permanentes, o período impositivo coincide co ano natural agás cando se trate de supostos de inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial, no que abarcará dende o inicio ata o final do ano natural.

Nos supostos denominados de ocupación por tempada o período impositivo se inicia o 1 de marzo e finaliza o 31 de outubro.

3.- Con carácter xeral, a taxa devéngase no momento no que se inicia a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal.

Nas ocupacións permanentes, a taxa devéngase o 1 de xaneiro de cada ano e, nos casos de ocupacións por tempada, a taxa devéngase o 1 de marzo. As cotas serán irredutibles, agás nos casos nos que o inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial non coincida coa data de devengo, de tal xeito que as cotas calcularanse proporcionalmente ao número de semestres naturais, nos casos de ocupacións permanentes, e ao número de cuatrimestres naturais, nos casos de ocupación por tempada, que resten para rematar o ano, incluído o de comezo da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local.

Como norma especial, nos supostos de ocupación para paso de vehículos a través de beirarrúas ou calzadas e para reserva da vía pública para aparcamento exclusivo nos que o inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial non coincida coa data de devengo, as cotas

calcularanse proporcionalmente ao número de trimestres naturais que resten para rematar o ano, incluído o de comezo da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público

4.- No caso de cese na utilización privativa ou aproveitamento especial as cotas serán prorrateables por semestres naturais, nas ocupacións permanentes, e por cuatrimestres naturais, nas ocupacións por tempada, computando no prorrateo aquel no que se produce o cese.

Como norma especial, nos supostos de ocupación para paso de vehículos a través de beirarrúas ou calzadas e para reserva da vía pública para aparcamento exclusivo no caso de cese na utilización privativa ou aproveitamento especial as cotas serán prorrateables por trimestres naturais, computando no prorrateo aquel no que se produce o cese.

Artigo 6. Cota tributaria

1.- Cando se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa estará determinado polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adxudicación

2.- Con carácter xeral, e sen prexuízo das peculiaridades dalgúns aproveitamentos que se especifican nesta ordenanza, a cota tributaria da taxa calcularase coa fórmula seguinte:

$$\text{Cota tributaria} = \text{PB} \times \text{S} \times \text{T} \times \text{FCR} \times \text{FCA} \times \text{FCH}$$

Onde:

PB é a tarifa básica. Corresponde co valor do tramo de ocupación que lle asigna o Anexo de categoría das vías da Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público.

S é a superficie en metros cadrados ou lineais de utilización ou aproveitamento, sempre que nesta Ordenanza non se estableza unha superficie de ocupación mínima. De establecerse ocupación mínima, esta será o valor que tome a fórmula cando a ocupación solicitada sexa inferior.

T é o tempo da utilización ou aproveitamento. O tempo de ocupación computarase en días sempre que nesta ordenanza non se estableza un tempo de ocupación mínimo ou nos supostos nos que a ocupación sexa permanente ou de tempada. De establecerse tempo mínimo, este será o valor que tome a fórmula cando o tempo solicitado sexa inferior.

FCR é o coeficiente de situación da vía que lle asigna o Anexo de categoría das vías da Ordenanza xeral de xestión, recadación e inspección dos tributos e doutros ingresos de dereito público

FCA é o factor corrector da clase de utilización ou aproveitamento

FCH é o factor corrector específico

a.- apertura de exploracións, calas ou gabias en terreos de uso público ou calquera remoción do pavimento ou beirarrúas na vía pública

S é a superficie en metros cadrados de utilización ou aproveitamento

FCA é 0,50%

FCH é 1

Cota mínima: 31,10€

b.- ocupación do dominio público local con valos, puntais, asnillas, estadas, plataformas aéreas, camións - grúa e outros materiais, vehículos ou instalacións análogas, apoiadas no chan ou aéreas

S é a superficie en metros cadrados de utilización ou aproveitamento

FCA é 0,05%

FCH é 4 no suposto de ocupación delimitada con valos e 1 nos demais supostos

Cota mínima: 15,03€

c.- ocupación do dominio público local con colectores ou sacos para recollida ou depósito de entullos, materiais de construción ou residuos

S é a superficie en metros cadrados de utilización ou aproveitamento

FCA é 0,05%

FCH é 4

Cota mínima: 60,12€

d.- ocupación do dominio público local para carga e descarga en zonas non reservadas a tal efecto

S é a superficie en metros cadrados de utilización ou aproveitamento

FCA é 5%

FCH é 1/365

Cota mínima: 30,05€

e.- paso de vehículos a través de beirarrúas ou calzadas

S é a superficie en metros lineais da lonxitude da entrada ou paso de vehículos

FCA é 5%

FCH é 3 no caso de locais nos que se desenvolvan actividades de garda e custodia de vehículos

baixo calquera modalidade (en garaxes cubertos, aparcamentos subterráneos ou parkings, en solares ou terreos sen edificar); 0,8 no caso de vados laborais e vados de vivendas unifamiliares e 1 nos demais supostos

Cota mínima: 30,05€

f.- reserva da vía pública para aparcamento exclusivo

S é a superficie en metros cadrados de utilización ou aproveitamento

FCA é 5%

FCH é 1

Cota mínima: 30,05€

g.- ocupación do dominio público local con mesas, cadeiras, tribunas, quioscos de hostalería e outros elementos análogos con finalidade lucrativa

PB terá o valor fixo de 18,030363 €

S é a superficie en metros cadrados de utilización ou aproveitamento

FCA é 1

FCH é 1,5 no caso de ocupacións anuais e 1 no caso de ocupacións temporais

Cota mínima: 60,10€

g bis.- nos supostos nos que con motivo da declaración dalgún dos estados previstos no artigo 116 da Constitución Española e regulados na Lei orgánica 4/1981, do 1 de xullo, dos estados de alarma, se limitase a ocupación do dominio público e a liberdade de circulación de persoas, a tarifa básica (PB) regulada no artigo 6.2.g reducirase proporcionalmente aos días que dure a limitación da ocupación

h.- instalación no dominio público local de postos, barracas, casetas de venda, quioscos, espectáculos, atraccións feirais e de recreo, industrias de rúa e ambulantes

h.1. A cota tributaria resultará de aplicar á base as seguintes cantidades.

- a) No caso de venda ambulante na rúa Nova. 51,09€/ano/m²
- b) No caso de venda ambulante no mercado de salgueiriños 61,05 € /ano/m²
- c) No caso de venda ambulante na praza de Ameas 87,98 € /ano/m²
- d) No caso de venda ambulante na praza do Obradoiro 31,59 € /ano/m²
- e) No caso de venda de xeados e castañas 45,75 € /ano/m²
- f) No caso de venda de lambetadas 14,60 € /ano/m²
- g) Por cada posto ou caseta de venda

Ata 6 m² 1,26 €/mes/m²

De 6 a 10 m² 2,46 €/mes/m²

Máis de 10 m² 3,65 €/mes/m²

h.2. No caso de rodaxes cinematográficos, espectáculos, atraccións e similares, pagarase unha cantidade fixa de 405,52 €/día, agás o suposto dos circos nos que se aplicará unha redución do 50% sobre dita cantidade fixa.

i.- ocupacións do solo, subsolo ou volo para usos particulares con aparatos de venda automática, caixeiros automáticos, buzóns postais, cabinas telefónicas, surtidores de gasolina, instalacións de recarga eléctrica e outras análogas

S é a superficie en metros cadrados de utilización ou aproveitamento, agás no suposto dos caixeiros automáticos que serán metros lineais

FCA é 5%

FCH é 1/365

Cota mínima: 30,05€

j.- ocupación de dominio público local con carteis publicitarios e calquera instalación ou medio de expresión publicitaria ou destinado a tal fin

S é a superficie en metros cadrados ou lineais de utilización ou aproveitamento

FCA é 5%

FCH é 1/365

Cota mínima: 30,05€

k.- en calquera outro aproveitamento especial do dominio público local non recollido en epígrafe concreto aplicarase o sistema de cálculo segundo o tipo de ocupación ao que máis se asemelle dos incluídos nos apartados anteriores.

Artigo 7. Normas de xestión

7.1.- Ocupacións temporais:

a. Con carácter xeral, a taxa pola utilización ou aproveitamento do dominio público municipal esixirase en réxime de autoliquidación simultaneamente coa solicitude da licenza ou autorización de ocupación correspondente. A autoliquidación deberá ser ingresada e será a conta da liquidación que se practique en función da ocupación efectivamente concedida. Os departamentos municipais competentes para a tramitación da licenza ou autorización correspondente notificarán á

Tesourería municipal os acordos de concesión e denegación de ocupación para a aprobación da liquidación correspondente no suposto de que o importe ingresado mediante autoliquidación sexa inferior ou superior ao que corresponda segundo o acordo de ocupación concedida.

b. No suposto de que o Concello actúe de oficio, e unha vez notificado o acordo polo departamento municipal competente, a Tesourería xirará a liquidación correspondente ao interesado

7.2.- Ocupacións permanentes e de tempada:

a. As ocupacións permanentes e de tempada xestionaranse a partires do padrón da taxa, que se formará anualmente pola Tesourería municipal en base aos datos aportados polo departamento municipal competente para a tramitación da licenza ou autorización.

b. Nos supostos de inicio da utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal, o suxeito pasivo está obrigado a presentar e ingresar a autoliquidación simultaneamente coa solicitude da licenza ou autorización de ocupación.

O departamento municipal competente para a tramitación da licenza ou autorización comunicará á Tesourería municipal os acordos de concesión de licenzas ou autorizacións para a súa inclusión no padrón do período impositivo seguinte, e para a aprobación da liquidación correspondente no suposto de que o importe ingresado mediante autoliquidación sexa inferior ou superior ao que corresponda segundo o acordo de ocupación concedida.

c. No caso de baixa, anulación, revogación ou modificación das licenzas ou autorizacións concedidas, o departamento municipal competente para a súa tramitación comunicará á Tesourería municipal para a modificación ou exclusión do padrón con efectos tributarios a partires do período impositivo seguinte.

Nas ocupacións permanentes e de tempada, os suxeitos pasivos teñen a obriga de declarar os cambios que se produzan no uso e goce do aproveitamento, na titularidade da finca ou local á que, no seu caso, servisen; e os cesamentos e demais circunstancias con efectos fiscais nas taxas correspondentes. O prazo para declarar é de dez días desde que se produza o cambio, cesamento ou demais circunstancias con efectos fiscais.

Nos supostos de cambios de titularidade manténdose a licenza ou autorización inicial, a cota será irredutible e o obrigado ao pagamento será o que figure como titular o primeiro día do período impositivo.

7.3.- Nos supostos de devolución por non realizarse a ocupación por causa non imputable ao interesado, o departamento municipal competente deberá informar previamente á tramitación da devolución.

Artigo 8. Beneficios fiscais

1. Gozarán dunha bonificación do 50% da débeda tributaria as rodaxes cinematográficas e similares, sempre que se acredite documentalmente que o produto resultante contribúe de xeito destacado á promoción da cidade e se faga constar a colaboración do Concello de Santiago nos créditos e na promoción dos filmes.
2. Os interesados deberán solicita-lo beneficio fiscal no momento de presenta-las solicitudes de autorización para ocupación da vía pública no Concello.
3. O beneficio fiscal resolverase previo informe da Concellaría competente respecto da acreditación documental de que o produto resultante contribúe de xeito destacado á promoción da cidade e da constancia da colaboración do Concello de Santiago nos créditos e na promoción dos Filmes.

Artigo 9. Responsabilidade por destrución ou deterioro

Cando as utilizacións privativas ou os aproveitamentos especiais do dominio público municipal comporten a súa destrución ou deterioro, o beneficiario estará obrigado ao reintegro do custe total dos gastos de reconstrución ou deterioro e ao depósito previo do seu importe, sen prexuízo do pago da taxa correspondente.

Se os danos son irreparables, o Concello será indemnizado en todo caso en contía igual ao valor dos bens destruídos ou ao importe do deterioro producido.

Artigo 10. Infraccións e sancións

- 1.- Para todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e imposición das sancións correspondentes, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da *Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (LXT)* e a normativa de desenvolvemento
- 2.. O incumprimento do deber de declaración á que se refire o artigo 7.2 c) desta ordenanza cualificarase como infracción tributaria nos termos sinalados na *LXT* e demais disposicións aplicables.

Disposición adicional primeira

Durante o ano 2021 non estarán suxeitas á taxa pola utilización privativa e o aproveitamento especial do dominio público local as ocupacións do solo e subsolo contempladas na letra g) do artigo 2 desta ordenanza fiscal, relativas á ocupación con mesas, cadeiras, tribunas, quioscos de hostalería e outros elementos análogos con finalidade lucrativa.

Disposición derradeira

A presente Ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día nove de novembro de dous mil vinte. Contra o acordo inicial non se presentaron reclamacións, polo que se entende elevado automaticamente a definitivo. Comezará a aplicarse a partir do un de xaneiro de dous mil vinte e un, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.